



## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que a Presidencia da Comisión Informativa de asuntos xerais ditou a seguinte

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade de proceder a aprobar a participación do Concello de Oroso na segunda fase do POS+ADICIONAL 2/2024(POS+AD2b) Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS +2024 cuxo prazo de presentación remata o día 13.09.2024 ás 15:00 horas.

Tendo en conta que conforme establece o artigo 78.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.).

CONSIDERANDO a existencia de asuntos que requiren do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais.



**PRIMEIRO:** CONVOCAR unha sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que terá lugar o:

Día: 09.09.2024

Hora: 8:45 horas en 1ª convocatoria e, se procedese, ás 9:45 horas a 2ª Convocatoria.

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello.

Orde do día:

## I PARTE RESOLUTORIA

1º.-Aprobación se procede da participación do Concello de Oroso na segunda fase do POS+ADICIONAL 2/2024(POS+AD2b) Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS +2024 (EXP 2024/A008/000036).

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES a propostas de resolución do asunto incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.gov.es/portal/contenidos/convocatorias>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso, asinado dixitalmente  
A secretaria en funcións  
Ana María Liñares Castro